

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e catro de abril do ano dous mil quince, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Rosendo Luis Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto, don Antonio Montero Fernández, don Emilio José Pazos Ojea e don Eladio Mangana Nóvoa, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 17 DE ABRIL DE 2015.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día dezasete de abril de dous mil quince, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- ACEPTACIÓN DA RENUNCIA FORMULADA POLO CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA CON CARGO Ó PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2014.-

Unha vez visto o informe-proposta formulado polo xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio con data 20 de abril de 2015, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1.- Acepta-la renuncia formulada polo Concello de Vilamartín de Valdeorras á subvención concedida con cargo ó Programa provincial de cooperación cos concellos para a execución de infraestruturas deportivas correspondente ó exercicio 2014, para a execución das obras de substitución de canlóns e baixantes no pavillón polideportivo do Bañadoiro, cun importe de 3.111,51 €.

2.- Notificarlle este acordo ó concello interesado.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

3.- RESOLUCIÓN DA SEGUNDA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS INTERNACIONAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O ANO 2015 (BOP N.º 57, DO 11 DE MARZO DE 2015).

Unha vez vista a proposta do día 21 de abril de 2015, que formula a comisión de valoración para a concesión de bolsas internacionais da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2015, cuxas bases foron publicadas no BOP n.º 57, do 11 de marzo de 2015, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aproba-la seguinte resolución:

1º.- Concedérle-las seguintes bolsas ás persoas que se indican a continuación e que acadaron as puntuacións que lles dan acceso directo a ser beneficiarios das bolsas internacionais da Deputación de Ourense, cos destinos que tamén se sinalan.

ORDE	DNI	APELIDOS	NOME	DESTINO
1	44475881-E	RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	ARANCHÁ	REINO UNIDO
2	44655465-E	DOFORNO VILA	UXÍA	REINO UNIDO
3	44497363-E	PAZOS CUADRADO	NURIA	REINO UNIDO
4	44655718-E	RAÑA RUIZ	Mª ISABEL	PORTUGAL
5	44458105-W	MARTÍNEZ RODRÍGUEZ	SABELA PINDUSA	PORTUGAL
6	44464462-B	FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	SILVIA	REINO UNIDO
7	44464406-R	PÉREZ LAHOZ	VIOLETA	PORTUGAL
8	44491610-L	RUIPÉREZ RÚAS	TERESA	PORTUGAL
9	44485812-V	CONDE VÁZQUEZ	ANDRÉS	PORTUGAL
10	44453348-Y	VÁZQUEZ GIL	AIDA	PORTUGAL

2º.- Relaciona-la listaxe de reserva por orde de puntuación de posibles suplentes para o caso de renuncia ou baixa nas bolsas dos beneficiarios directos delas.

ORDE	DNI	APELIDOS	NOME
1	44473110-B	PAZ RODRIGUEZ	DIEGO
2	44447583-Z	NÓVOA PÉREZ	HÉCTOR
3	44496753-X	NESPEREIRA PEREIRA	ROBERTO
4	44484167-M	GONZÁLEZ RÚA	RAQUEL

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

5	78803414-D	DONO COSTOYA	ALBA
6	76731331-L	AFONSO GONZÁLEZ	CARLOS
7	77417670-S	DUARTE CAMPOS	ÁNGEL
8	44446084-X	BERLANGA CAAMAÑO	JOAQUIN
9	44464144-S	GARCÍA DIÉGUEZ	ANA
10	53185044-M	DOMINGUEZ VELLO	ARIADNA
11	39453787-R	IGLESIAS GONZALEZ	JAVIER
12	44465140-E	GONZÁLEZ GARCÍA	JORGE
13	44848790-D	PÉREZ ABELEDO	MARTA
14	76731935-W	ÁLVAREZ GARCÍA	ANA
15	36124578-L	PIÑEIRO CORTÉS	JAIME
16	44497377-J	ÁLVAREZ ACOSTA	PAULA
17	44453176-H	SEOANE GONZÁLEZ	PAULA MARÍA
18	34995118-C	FERNANDEZ BALTAR	JOSE
19	44077930-V	CORTEGOSO MEJUTO	JOSÉ MARÍA
20	44486386-Q	ROMERO LEMOS	LUCÍA
21	76732944-E	ARIAS PRIETO	YOLANDA
22	44446083-D	BERLANGA CAAMAÑO	MANUEL ANTONIO
23	71451709-R	LORENZO GARCÍA	ALBERTO
24	77412160-W	IGLESIAS GRAÑA	SANTIAGO
25	76729750-W	LÓPEZ CUQUEJO	VERÓNICA
26	32837717-L	GARCÍA LOURO	ÁNGELA
27	53184373-R	NÚÑEZ CORBAL	JAVIER
28	34628843-C	ARIAS CISTERNA	ANDREA
29	76732982-Z	FERNANDEZ RIVERO	ESTEFANÍA
30	53183822-W	NÚÑEZ CORBAL	MARÍA JOSÉ
31	71897419-V	ALONSO GONZÁLEZ	MIGUEL
32	77466693-W	DA SILVA ÁLVAREZ	PAMELA MARÍA
33	77417034-T	ORTEGA MARTINEZ	MARIA

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

34	44824145-C	VALIÑO ROZAS	LAURA
35	44657099-T	RODRIGUEZ DEMANUEL	NATACHA
36	44478965-R	RODRIGUEZ CID	BEATRIZ
37	33539448-C	GRANDE LAGE	LAURA
38	47386781-L	MOURIÑO GARCÍA	EVA
39	45907012-R	MÍGUEZ RAMOS	LUCÍA
40	76733146-V	FERNÁNDEZ VALLE	TAMARA
41	76730370-R	GONZÁLEZ SALGADO	CRISTINA
42	45955487-S	VÁZQUEZ PEÓN	MATILDE

3º.- Denegárille-las bolsas solicitadas ás persoas que se relacionan a continuación e polos motivos que tamén se indican:

1.º) Por non cumpri-lo requisito de posuír titulación universitaria oficial de grao, licenciatura, diplomatura, Enxeñería, Enxeñería Técnica, Arquitectura, Arquitectura Técnica, acreditada por universidades españolas ou recoñecidas polo Ministerio de Educación, ou estar en condición de obte-la titulación na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Orde	DNI	Apelidos	Nome
1	44460693-Z	ROIG VAZQUEZ	IGNACIO

2.º) Por ter gozado anteriormente dunha bolsa dun programa de Mobilidade Europea para a realización de prácticas laborais no estranxeiro

Orde	DNI	Apelidos	Nome
1	44492198-D	PEREZ GONZALEZ	PABLO

3.º) Por non se presentar ás probas establecidas na base sétima da convocatoria:

- Concorrer á realización dunha probas da/s lingua/s estranxeira indicada na solicitude.
- Entrevista persoal.

a) Persoas non presentadas á proba de idiomas:

Orde	DNI	Apelidos	Nome
1	77404131-T	ABELLEIRA DURÁN	MINIA
2	77417357-R	AGÍS DOZO	MONTSERRAT

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

3	Y3779667-E	AGUERO BUSTAMANTE	MACARENA ALEJANDRA
4	53186177-B	ALMEIDA ALVAREZ	LORENA
5	44655415-H	ALONSO CASARES	IRIA
6	76897357-P	ALONSO CONDE	ODIN
7	36161265-K	ALVAREZ CURTY	CRISTINA
8	44473703-Y	ÁLVAREZ FERNÁNDEZ	PATRICIA
9	53181772-E	ALVAREZ GUERRA	DIEGO
10	44655482-Q	ÁLVAREZ LORENZO	HELENA
11	77006493-D	ÁLVAREZ MIGUELES	ANTÍA
12	70077517-J	ÁLVAREZ RODRÍGUEZ	AZAHARA
13	39469447-K	ALVES RODRIGUES	SINOE
14	77352429-W	ARAQUE MARTINEZ	JULIA
15	53119762-C	ARIAS SÁNCHEZ	SARA
16	53375052-X	AZNAR DE SAN FRANCISCO	FRANCESC JOSEP
17	47368908-V	BAMONDE CACHÓN	PABLO
18	32709025-N	BARBADILLO ECHEVARRÍA	ÍÑIGO
19	48562103-H	BARRENO CARDIEL	MIGUEL
20	71532087-V	BECERRA PARADELO	ÁNGELA
21	76992611-L	BENAVIDES DA CUÑA	ANDRÉS
22	70872089-G	BLANCO GARCÍA	MARÍA PILAR
23	15490944-F	BLANCO SILVA	PATRICIA
24	53119346-H	BON DOMÍNGUEZ	BERNARDO
25	54128691-P	BRACHO CURROS	JOHEISY
26	77403462-K	BÚA LORES	MIRIAM
27	73014266-F	BUENO SANCHO	VANESSA
28	44484869-V	CACHALDORA PALLÍN	MARTA
29	34998280-P	CADERNO FERNÁNDEZ	ADRIÁN
30	76728480-C	CAIÑA SOBRADO	CARLA
31	33543889-E	CAMIÑO LÓPEZ	CANDELA MARÍA
32	33553161-W	CAMPOS MIRAGAYA	ALBA
33	44482991-W	CANAL PULIDO	PAULA
34	45909587-T	CAPELO VIEITES	TAMARA
35	11105408-J	CAPERA FIGUEROA	JOSE
36	33542604-W	CAPILLA CELA	JAIME

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

37	77480403-G	CARLINO MONTPELLIER	JUAN IGNACIO
38	34629158-J	CASTRO LÓPEZ	ANDREA
39	44466725-C	CID ÁLVAREZ	PATRICIA
40	74906833-L	COBOS PORRAS	LIBERTAD
41	54127237-A	CODESAL LAGO	VERONICA
42	53313854-S	CORBALAN GARCIA	MªCARMEN
43	X7814919-W	CORETCHI -	NATALIA
44	32714349-T	CORTIZAS VÁZQUEZ	MARTA
45	15491463-C	COSTAS DÍAZ	HUGO
46	79338565-L	COUTO TASENDE	VERONICA
47	10622759-A	CUESTA GRACIA	ALBA LORENA
48	79334047-D	DÍAZ VIEITES	ANDREA
49	32712340-S	DONAPETRY GÓMEZ	MARÍA
50	44840056-S	DUBERT PÉREZ	INMACULADA
51	35581920-T	ESTEFANÍA CRUZ	CASTRO
52	76748231-Z	ESTÉVEZ SALGUERO	ÁNXELA MARÍA
53	X1477645-X	FARIA PINTO	SONIA
54	44477869-D	FARIÑAS IGLESIAS	BORJA
55	35585755-V	FERNÁNDEZ ÁLVAREZ	ELISA
56	47023368-Y	FERNANDEZ BLANCO	SERGIO
57	44658325-F	FERNÁNDEZ CASTILLO	ALBA
58	76728962-L	FERNÁNDEZ GUERRA	JOSUÉ
59	76727125-E	FERNÁNDEZ YÁÑEZ	ANDREA
60	35483173-S	FERREIRO AMIL	AIDA
61	35478151-F	FIGUEIRAS RODRIGUEZ	MIRIAM
62	44659690-S	GARCÍA CASTRO	LAURA
63	47088124-V	GARCIA MELON	MARIO
64	34268935-Q	GÓMEZ GONZÁLEZ	ADRIANA
65	44473637-D	GÓMEZ MÉNDEZ	ESTEFANÍA
66	35490444-H	GÓMEZ PRADO	JAVIER DAVID
67	X8863628-A	GONÇALVES LOPES	DIANA CRISTINA
68	44487953-L	GONZÁLEZ IGLESIAS	ANDRÉS
69	77009024-X	GONZÁLEZ LOPES	UXIA
70	44489735-F	GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	LUCAS

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

71	44491730-R	GONZÁLEZ SALPURIDO	MARÍA
72	77010872-H	GONZALEZ SOLIÑO	CARLA
73	44660170-N	GONZALEZ SUAREZ	DIEGO
74	36116481-H	GONZÁLEZ VIDAL	ALEXANDRE
75	45871948-N	HERVA PINTOR	SANTIAGO
76	47380252-E	HERVELLA MARENTES	SAÍNZ
77	34112396-A	HOBECKER PEREZ	BARBARA
78	44847394-Q	IGLESIAS VÁZQUEZ	SANDRA
79	34098600-A	JEIFETZ MARTINA	LAURA
80	Y2016623-C	KEM-MEKAH KADZUE	OSCAR
81	53308910-Q	LEMA BLANCO	ALBERTO
82	74696108-C	LOMAS ROSA	MANUEL AURELIO
83	44837827-V	LOPEZ CAMEAN	IRIA
84	76726283-P	LOPEZ GARCIA	PAULA
85	44484407-S	LÓPEZ GONZÁLEZ	JONATHAN
86	53118773-C	LÓPEZ SENÍN	LUCÍA
87	45873463-D	LORENZO MIGUÉNS	ALBA
88	36144165-X	MACEDA CASAS	IRENE
89	36177911-S	MACRIDACHIS GONZÁLEZ	JORGE
90	31061294-N	MAGGIORE BRUCE	AGUSTINA
91	4497017-K	MANGANA RIVAS	SORAYA
92	03911153-A	MANZANO FIJÓ	NOELIA
93	78800668-T	MARIÑO RUZA	ALBERTO
94	09047272-S	MARMOL FERNANDEZ	IGNACIO
95	44841265-M	MÁRQUEZ COIRADAS	CÉSAR
96	70820578-J	MARTÍN AMAYA	VERÓNICA
97	72979475-S	MARTÍNEZ BENEDICTO	MAITE
98	AO941900-A	MARTÍNEZ GARCÍA	YESID ALEJANDRO
99	35585240-P	MARTÍNEZ PINO	PATRICIA
100	34982961-F	MARTÍNEZ-SEARA VÁZQUEZ	GEMA
101	77414562-N	MÉNDEZ CASAIS	PAULA
102	33558041-Y	MÉNDEZ LLOUSAS	LORENA
103	35482931-A	MONTERO RODRIGUEZ	ANA
104	15490766-J	MONTES VICENTE	GERMÁN

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

105	36122442-E	MOSQUERA POL	LAURA
106	28959516-D	MURILLO GONZÁLEZ	MªDOLORES
107	45862742-Y	NEGUERUELA VÁZQUEZ	ENRIQUE
108	47389535-J	OJEDA ROMANO	GABRIELA
109	44493158-A	ORDOÑEZ VAZQUEZ	NELA
110	12231185-T	ORTIZ GARCÍA	JORGE EDUARDO
111	53116783-P	OTERO GRAÑA	MARTA Mª
112	33550357-G	PENELAS PAULÍ	MONTSERRAT
113	76862239-B	PEREIRO LOPEZ	BEATRIZ
114	2065286-S	PEREZ CARDOZO	CAROLINA
115	39465038-M	PÉREZ GALLARDO	EVA
116	44497002-Y	PÉREZ GONZÁLEZ	BEATRIZ
117	76816542-S	PÉREZ JÁCOME	BEATRIZ
118	44458625-Q	PEREZ PÉREZ	IVAN
119	15493097-K	PEREZ RODRIGUEZ	CARLA
120	77409197-Y	PERNAS ARMESTO	DIEGO
121	47401041-L	PIÑEIRO ALSINA	BEATRIZ
122	77415519-A	PIÑEIRO MERINO	OLALLA
123	32711633-K	PRADERA CIBREIRO	SARA
124	44487278-B	PRIETO NOGUEIRAS	EVA
125	36156239-D	PUENTES ALONSO	EVA
126	4408010-W	QUINTILLÁN RIAL	MARIA DEL CARMEN
127	35491962-H	REFOJO PAREDES	ALBA MARÍA
128	44486688-L	REGODESEVES ALONSO	MARÍA
129	50388025-Q	REPARAZ CAMACHO	ITZIAR
130	44660670-Y	REQUEJO VÁZQUEZ	Mª JESÚS
131	45861292-M	REY CASCALLAR	MARÍA LOURDES
132	78801542-T	RIVEIRO CAAMAÑO	DANIEL
133	76864826-E	RIVERA BUA	MARTIN
134	76906228-R	RODRÍGUEZ AMOEDO	CARLOS
135	44090499-M	RODRÍGUEZ BERNÁRDEZ	Mª DE LOS ÁNGELES
136	44463739-R	RODRIGUEZ FEJOO	GONZALO
137	44495542-H	RODRÍGUEZ MARTÍNEZ	ANDREA
138	44840524-T	RÚA JUNQUERA	MARÍA

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

139	44499259-D	RÚAS BARROSA	KARIN
140	34269762-S	SALGADO CEREZO	ISABEL
141	44445013-C	SELAS FEIJOO	ALVARO
142	47364377-V	SERRANO SOUTO	ALBERTO
143	44465011-P	SILVA BAUTISTA	SERGIO
144	35468737-T	SILVA SANTOS	ÁLVARO
145	44480303-M	SOUTO CASTRO	IRIA
146	33535775-G	TRASTOY CUBA	LORENA
147	76729288-T	TRIGO CAMPELO	ROCÍO
148	25198763-D	TRIS SIMANCAS	ALBA LUCIA
149	44466204-M	VALADO VIDAL	RUT M!
150	53610780-B	VALVERDE PÉREZ	ANA
151	47365056-Y	VARELA RODRÍGUEZ	HIRAM
152	33349077-C	VARELA SUÁREZ	COVADONGA
153	45848669-D	VÁZQUEZ GARCÍA	IVÁN
154	N/A-N	VERGARA ACOSTA	MAURICIO JOSE
155	41522769-H	VIANA GREGORIO	LUCIA
156	1551224-D	VICO GARCIA	MARIA
157	53306450-V	VILLAR PERDOMO	ALEJANDRA
158	76733195-C	VILLARINO RODRIGUEZ	ALICIA
159	06163902-P	ZAVALA FARA	JOCELYN

b) Relación de persoas non presentadas á entrevista persoal:

Orde	DNI	Apelidos	Nome
1	44463691-E	ÁLVAREZ REBOREDO	ALBA
2	33330802-F	ANTÚNEZ RIAZOR	AURORA
3	53186883-G	BOUZAS PÉREZ	GEMMA MARÍA
4	34628136-A	DE FRANCISCO FONSECA	ANGEL
5	44498079-W	DIAZ MARTÍNEZ	HUGO
6	44490984-Z	FERNANDEZ ALVAREZ	IAGO
7	45872252-V	FERREIRA COTÓN	XIANA
8	76721927-E	FERREIRO DIZ	ORIA
9	44460136-D	GARCÍA GÓMEZ	EVA FÁTIMA
10	45870383-B	GÓMEZ VÁZQUEZ	CARLOTA
11	44487319-Y	GONZÁLEZ IGLESIAS	MARÍA

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

12	53183635-E	GUIMAREY DOCAMPO	IAGO
13	76732045-C	LOSADA CUQUEJO	MARÍA
14	76718205-A	NIEVES ESCUDERO	DANIEL
15	44656959-K	PÉREZ AMOEDO	ANA
16	36138628-Q	PÉREZ SOTO	AIDA
17	44496264-G	PRADA VARELA	ESTELA MARIA
18	44469069-H	RODRÍGUEZ ÁLVARO	ROBERTO
19	44846110-C	VARELA VÁZQUEZ	IRENE

4º.- A notificación desta resolución realizarase exclusivamente a través da súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial.

4.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA TERCEIRA CONVOCATORIA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015 DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS INTERNACIONAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

Unha vez vistas as bases da terceira convocatoria de concurso público para a concesión de bolsas internacionais da Deputación Provincial de Ourense, ano 2015, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.-Obxecto

As bolsas e axudas á formación son un dos instrumentos que contribúen de forma máis directa á realización efectiva do principio de igualdade de oportunidades.

As “bolsas internacionais da Deputación de Ourense” susténtanse nas ensinanzas e saber adquirido pola Deputación de Ourense logo dunha longa traxectoria por parte desta institución de desenvolvemento de proxectos de mobilidade internacional cofinanciados por fondos europeos, que fan que esta Deputación considere a gran importancia e valor estratéxico que leva consigo para unha provincia como Ourense seguir apostando por proxectos e actuacións que contribúan a completar a formación dos recursos humanos, provocar o desenvolvemento do espírito do emprendemento a través do coñecemento e participación en iniciativas e filosofías empresariais presentes noutras países da Unión Europea, e consolidar a mentalidade da internacionalización empresarial entre outras.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión de *10 bolsas individuais* de estancias e prácticas laborais en empresas europeas, que teñen como finalidade apoiar os participantes en actividades de formación para a adquisición de coñecementos, competencias e cualificacións que completen o desenvolvemento persoal e profesional, facilitando a mobilidade dos traballadores en Europa e promovendo o desenvolvemento de prácticas innovadoras e a súa transferencia entre os países participantes, fomentando o perfeccionamento de linguas estranxeiras.

Segunda.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios deste programa os titulados universitarios. As prácticas poderanse desenvolver en empresas da Unión Europea, preferentemente en Reino Unido e Portugal.

Será competencia desta Deputación Provincial a adxudicación de destinos para aquelas persoas seleccionadas como bolseiras, en atención ao ámbito de actividade das empresas contactadas en cada país de envío, á adecuación dos candidatos ao programa e o nivel amosado de coñecemento de idiomas estranxeiros.

Terceira.- Requisitos dos beneficiarios

Poderán obter bolsa os solicitantes, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Posuír titulación universitaria oficial de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñería, enxeñería técnica, arquitectura, arquitectura técnica, acreditadas por universidades españolas ou recoñecidas polo Ministerio de Educación, ou estar en condición de obter a titulación na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- Posuír coñecemento dalgunha das seguintes linguas cun nivel suficiente para desenvolver unha práctica laboral axeitada ao seu grao de formación académica: portugués e/ou inglés
- Posuír coñecementos de informática a nivel de usuario.
- Non ter gozado anteriormente dunha bolsa dun programa de Mobilidade Europea para a realización de prácticas laborais no estranxeiro.

Aquelas persoas que resultaran beneficiarias dunha bolsa da Deputación de Ourense en anteriores convocatorias, e renunciaran voluntariamente a ela, deberán acreditar suficientemente a existencia de motivos xustificados da renuncia, que non persistan na actualidade, para poder ser novamente beneficiarias dunha bolsa.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

Cuarta.- Disponibilidades orzamentarias

Para as bolsas incluídas nesta convocatoria, o financiamento é da Deputación Provincial de Ourense, con cargo á aplicación orzamentaria 24111 48104 do exercicio 2015, dotada dunha contía máxima de 60.000,00€ para todas as convocatorias do ano 2015 deste proxecto.

Quinta.- Solicitudes: lugar, prazo de presentación e documentación

1. Ao abeiro do establecido no artigo 7.2.d) da Ordenanza reguladora do acceso electrónico aos servizos provinciais (BOP de Ourense n.º 296, do 28 de decembro de 2009), a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

2. O formulario de solicitude de bolsas internacionais reguladas nestas bases só se poderá obter, cubrir, validar e transmitir a través da plataforma web <http://becasinternacionais.depourense.es>

O proceso de solicitude farase en dous pasos: 1) realización e xeración/validación da solicitude e 2) rexistro telemático da solicitude.

2.1 En primeiro lugar, deberase cubrir o formulario da solicitude e o consentimento expreso do solicitante para a verificación dos seus datos de identidade, residencia e de carácter académico que sexan precisos en atención á documentación reflectida nesta base, punto 5.b e cuxa comprobación se fará a través dos servizos de consulta de datos de identidade (CDISFWS01), consulta e verificación de residencia con data da última variación (SVDREXTEFECHAWS01), e consulta de títulos universitarios (SVDTUWS01) respectivamente, formando parte todos eles do convenio suscrito entre a Deputación de Ourense e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas enmarcado no proxecto SCSP, sen prexuízo de que se lles poida solicitar aos interesados a acreditación daqueles requisitos que non sexan posibles comprobar de forma automatizada, documentos todos eles valorables, non obrigatorios. A realización do formulario completarase no momento de xeración/validación da solicitude no que se procederá a gravar estes datos impedindo a súa modificación posterior.

2.2 En segundo lugar, procederase ao rexistro telemático da solicitude xa xerada. Este procedemento tramitarase a través do Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

Ourense, localizado no enderezo <http://portelo.depourense.es>. Para proceder ao rexistro telemático será preciso facelo, ou ben, utilizando o DNI electrónico do/a solicitante, ou ben, solicitando e autorizando aos funcionarios habilitados para rexistrar electronicamente na Deputación de Ourense que fagan no seu nome o correspondente rexistro electrónico da súa solicitude. Esta solicitude/autorización farase a través do propio formulario de solicitude de bolsa no que se prevé esta opción.

Unha vez completado correctamente o proceso, xerarase o documento acreditativo da solicitude rexistrada.

A posibilidade de contar con apoio técnico para resolver posibles dúbidas que poidan presentarse na realización e tramitación da solicitude estará operativa ata as 14.30 horas do último día do prazo.

3. Cada petionario/a só poderá solicitar unha bolsa ao abeiro desta convocatoria, aínda que posúa máis dunha titulación.

4. O prazo improrrogable de presentación será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia. O establecemento deste prazo xustifícase pola necesidade de axilizar ao máximo a tramitación do procedemento, por mor da peculiar dificultade que supón a xestión das estancias dos bolseiros nos seus destinos no estranxeiro.

5. As solicitudes deberán formularse achegando a documentación administrativa e o consentimento para a comprobación da documentación do apartado b), que se fará segundo o procedemento descrito nesta base, punto 2.1.

a) Documentación administrativa:

1.- Formulario de solicitude dirixido á Presidencia da Deputación axustada ao modelo oficial, que só se poderá obter a través da plataforma informática. <http://becasinternacionais.depourense.es>

Neste formulario, ademais dos datos persoais e académicos do/a solicitante, contense unha declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso/a o/a solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. O/A solicitante deberá sinalar no espazo correspondente que se atopa nesta circunstancia.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

b) Documentación para a valoración da solicitude:

1.- Certificado(s) de empadramento do/a solicitante, acreditativo da súa residencia nos últimos 3 meses.

2.- Xustificante acreditativo de ter obtido o título académico invocado no Campus de Ourense (Universidade de Vigo) ou no centro asociado da UNED de Ourense.

Esta documentación será verificada pola Deputación de Ourense de forma automática e segundo o procedemento xa descrito, facultándose excepcionalmente á Deputación a solicitarlle ao peticionario a acreditación documental en atención a incidencias que poidan xurdir na fase de verificación automática.

Sexta.- Gastos cubertos pola bolsa

Considéranse gastos cubertos pola bolsa os seguintes:

- Custos de desprazamento de ida e volta, preferentemente en avión (ida para o comezo do programa e retorno ao final da estancia programada).
- Prácticas laborais nunha empresa seleccionada en atención ao perfil profesional do/a beneficiario/a.
- Titoría de prácticas laborais durante o tempo de inserción laboral en empresas situadas no país de destino.
- Custos de aloxamento.
- Curso de inmersión lingüística.
- Seguro de enfermidades e accidentes.

Sétima.- Procedemento de concesión

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva, mediante trámite de carácter urxente, motivado pola necesidade de axilizar o procedemento para posibilitar a mellor xestión dos destinos dos bolseiros en empresas da Unión Europea. A declaración de urxencia terá como efecto a tramitación preferente do expediente e a redución á metade dos prazos de tramitación previstos na lexislación aplicable, recolléndose xa nestas bases os prazos reducidos que serán de aplicación.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Área de Benestar procederá á instrución do expediente de comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata cinco días hábiles para emendar deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. O requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase a través da súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense e na páxina web <http://becasinternacionais.depourense.es>

Para a achega desta documentación utilízase como oficio de remisión o formulario número 2. Este formulario só se poderá obter, cubrir, validar e transmitir, necesariamente, a través da aplicación informática <http://becasinternacionais.depourense.es>. O procedemento para a presentación deste formulario será o descrito na base quinta para a presentación do formulario de inicio da solicitude.

Simultaneamente á emenda de deficiencias materiais da documentación, os solicitantes deberán concorrer á realización dunha proba da/s lingua/s estranxeira/s indicada/s na solicitude, así como a unha entrevista persoal cuxo obxecto será a comprobación de adecuación do solicitante ao programa.

As probas e a entrevista serán realizadas e avaliadas por técnicos designados pola Presidencia, deixándose constancia no expediente do resultado das probas e da valoración efectuada, mediante informe subscrito polos técnicos avaliadores, que terá carácter motivado.

En todo caso, a valoración das probas e entrevistas realizadas a aqueles solicitantes que deban corrixir deficiencias na documentación quedará condicionada á efectiva realización da dita corrección en tempo e forma.

As probas de lingua/s estranxeira/s (inglés e portugués) realizaranse entre os días 1 e 5 de xuño de 2015 (ambos inclusive).

A comunicación do lugar e as horas para a realización das ditas probas farase o día 29 de maio de 2015, mediante o seu anuncio na sede electrónica da Deputación.

A entrevista persoal realizarase entre os días 8 e 12 de xuño de 2015 (ambos inclusive). O lugar de realización, así como a hora, daranse a coñecer o día 5 de xuño de 2015 mediante o seu anuncio na sede electrónica da Deputación.

Á entrevista só accederán aquelas persoas que fixeran algunha/s proba(s) de idioma(s). Esta fase de entrevista deberá ser superada con éxito polo/a solicitante da bolsa. O obxecto é determinar a adecuación do/a solicitante ao programa en atención ao seu perfil

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

profesional, ás empresas contactadas en destino e ao idioma estranxeiro que coñeza o/a solicitante.

Tendo en conta a posibilidade de que no momento en que se realice a primeira entrevista co/coa solicitante non estean concretados os posibles destinos dispoñibles e en atención á necesidade de compaxinar perfil profesional e destino potencial, a Deputación Provincial de Ourense poderá convocar a unha segunda entrevista persoal aos solicitantes, co obxecto de confirmar a idoneidade entre o perfil do/a solicitante e a oferta concreta de prácticas dispoñibles, cando o resultado da primeira entrevista non permita determinar plenamente a dita adecuación.

Estas entrevistas, de ser o caso, realizaranse en datas e horas que se lles comunicarán individualmente a cada un/unha dos/as solicitantes.

Unha vez concluídas as probas, o expediente pasará á comisión de valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto aos solicitantes que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, ou non concorresen á realización das probas ou da entrevista, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto de solicitudes, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración conforme cos criterios recollidos na base novena.

Oitava.- Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o presidente da Deputación Provincial ou deputado en quen delegue.
- Vogais:
- A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
- O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
- Dous técnicos da Área de Benestar, designados pola Presidencia. Un/unha dos/as técnicos/as actuará como secretario/a da comisión, coas funcións propias dun/dunha secretario/a de actas.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

Novena.- Criterios para a concesión de bolsas

A comisión levará a cabo unha selección dos solicitantes en virtude da documentación presentada e dos resultados obtidos na realización das distintas probas, de acordo cos seguintes criterios:

- 1) Proba de lingua estranxeira e adaptación da lingua, obrigatoria, elixida ás empresas estranxeiras seleccionadas: ata 3 puntos.
- 2) Entrevista persoal, obrigatoria, de adecuación ao programa: ata 5 puntos.
- 3) Titulados do centro asociado da UNED en Ourense: 0,5 puntos.
- 4) Titulados da Universidade de Vigo-Campus de Ourense: 0,5 puntos.
- 5) Estar empadroado nalgún municipio da provincia de Ourense cunha antigüidade de 3 meses: 1,5 puntos.

A puntuación dos criterios 3) e 4) non será acumulable.

A valoración da entrevista persoal xustifícase pola imposibilidade de establecer criterios obxectivos para determinar de modo apriorístico a adecuación dos aspirantes ao programa. A dita valoración, en todo caso, será motivada, debendo constar documentalmente no expediente o contido da entrevista realizada. A entrevista será realizada por persoal da Área de Benestar.

A Comisión de Valoración poderá propor a exclusión da bolsa a aqueles aspirantes que na entrevista persoal manifesten unha clara inadecuación aos obxectivos do programa.

Décima.- Resolución

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo de tres meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falta de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. No caso de non o facer así, a Xunta de Goberno resolverá conforme

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

A resolución terá o seguinte contido:

- Beneficiarios da bolsa.
- País –destino no que cada beneficiario desenvolverá a súa bolsa.
- Lista de reserva de posibles suplentes para o caso de renuncia ou baixa cos países-destinos adxudicados a estes.

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a notificación da resolución realizarase exclusivamente a través da súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial.

No mesmo prazo, os beneficiarios deberán constituír, en concepto de garantía, unha fianza por importe de 120,00 euros. A constitución da garantía sinala o momento do nacemento das obrigas mutuas entre as partes (Deputación e beneficiario), e supón a aceptación incondicional e sen reserva da bolsa concedida.

A constitución desta garantía só poderá ser tramitada de forma telemática seguindo as instrucións establecidas na paxina web <http://becasinternacionais.depourense.es>

A dita garantía responde do cumprimento das obrigacións do bolseiro derivadas da aceptación da bolsa. En caso de incumprimento, a Deputación Provincial poderá proceder á execución da garantía mediante expediente contradictorio, que será tramitado polos servizos de Intervención, reservándose a Deputación o dereito de documentar e cuantificar economicamente os prexuízos derivados deste incumprimento, no caso de ser imputable só ao beneficiario, e repercutilos contra o beneficiario da bolsa.

A garantía devolverase de oficio unha vez concluído o programa e completadas as obrigas administrativas deste, en concreto, unha vez cuberto o leopass ou documento que o substitúa, entregada a documentación administrativa de cumprimento de prácticas e comprobantes do uso dos servizos facilitados ao beneficiario pola Deputación de Ourense á Área de Benestar, sempre que non existan responsabilidades que deban facerse efectivas con cargo a esta.

Entenderase que os beneficiarios renuncian á bolsa en caso de non constituír a garantía na forma e no prazo establecido. Neste caso, a Deputación Provincial, mediante

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

resolución da Presidencia, procederá a adxudicarlles a bolsa aos solicitantes que figuran na lista de suplentes en atención á puntuación que obtiveran nas probas de selección.

A resolución comprenderá o acto de outorgamento da bolsa e a asignación dun destino xeográfico, pero non determinará a empresa concreta na que se realizarán as prácticas. Para a determinación desta empresa concreta procederase do seguinte xeito:

a) A Deputación ofertarlles aos bolseiros unha empresa dispoñible no destino, seleccionada de acordo co perfil do bolseiro.

b) O bolseiro será entrevistado pola empresa, que decidirá, en función desta entrevista, se aceptan ao bolseiro no programa de prácticas, quedando deste xeito determinada a empresa de realización das ditas prácticas.

c) No suposto de que o bolseiro sexa rexeitado por esta empresa, a Deputación Provincial realizará as xestións oportunas para a localización de novas empresas. No caso de que non se atopen empresas novas, ou estas rexeitasen igualmente o bolseiro, a Deputación declarará a perda do dereito á bolsa, sen que esta declaración dea lugar a ningún tipo de dereito indemnizatorio para o interesado.

Undécima.- Publicidade da concesión

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense, sen prexuízo da publicidade xeral das subvencións concedidas a través do Boletín Oficial da Provincia e do Diario Oficial de Galicia, conforme co artigo 5 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Décimo segunda.- Xustificación

Consistirá na acreditación fidedigna da súa estadía de desenvolvemento da práctica no destino, mediante a presentación da documentación que indicará oportunamente esta Deputación Provincial, en función das especificidades do destino asignado.

Décimo terceira.- Obrigas dos beneficiarios

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na referida lei, a cumprir as normas e obrigas derivadas da aceptación da bolsa e/ou da firma do contrato da bolsa no destino asignado na resolución e nas condicións no antedito contrato, tanto para a etapa de formación como para as prácticas

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

profesionais, a cumprir os requisitos do programa de bolsas e a cubrir todos os formularios de seguimento e avaliación do proxecto.

Así mesmo, realizaranse reunións de traballo e reunións informativas con carácter obrigatorio, tanto previas á saída, como ao regreso da estancia distribuídas en varias sesións e cunha duración total de 15 horas. A asistencia a estas reunións será obrigatoria para os beneficiarios.

A falta de asistencia ás reunións de traballo ou o incumprimento das obrigas polos beneficiarios poderá ser motivo de declaración de perda do dereito á subvención e, de ser o caso, dará lugar á execución da garantía.

Décimo cuarta.- Reintegro da bolsa

No caso de incumprimento polo solicitante das condicións da bolsa por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, e/ou derivadas da aceptación da bolsa e/ou da subscrición do contrato de bolsa procederase á tramitación dun expediente de reintegro do importe do pago directo da bolsa.

Sen prexuízo do anterior, no caso de producirse un abandono inxustificado da bolsa logo da súa aceptación, e/ou en calquera fase de desenvolvemento desta, a Deputación Provincial poderá reclamar os importes consumidos da bolsa ata a data de abandono, na parte non cuberta pola garantía.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro da bolsa, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Xunta de Goberno ditará a resolución que corresponda.

Décimo quinta.- Normativa supletoria

En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como as obrigas ás que se comprometen as partes coa aceptación da bolsa e a sinatura do contrato de bolsa.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

2º.- Aprobado a convocatoria das subvencións reguladas nas devanditas bases, ordenando a inserción do correspondente anuncio no BOP, e acordar a aprobación do gasto correspondente.

5.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA GASTOS DE INVERTEMENTO DE ASOCIACIONES VECINAIS DE OURENSE CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2015.

- Unha vez vistas as bases da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións vecinais de Ourense para o ano 2015, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto:

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións ás asociacións vecinais de Ourense, coa finalidade de financiar os seus gastos de investimento correspondentes ao exercicio 2015.

Segunda.- Beneficiarios:

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións as asociacións vecinais que reúnan os seguintes requisitos na data de publicación no Boletín Oficial da Provincia da convocatoria regulada nas presentes bases:

a) Estar inscritas no Rexistro Provincial de Asociacións de Ourense, dependente da Xunta de Galicia.

b) Ter o seu domicilio social na provincia de Ourense, circunstancia que deberá constar na inscrición no rexistro da Xunta de Galicia.

2. Para os efectos destas bases, consideraranse asociacións vecinais as asociacións cuxos fins sexan a defensa, en xeral, dos dereitos e intereses dos veciños dun determinado ámbito territorial.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

As subvencións obxecto desta convocatoria intégranse na liña de acción do fomento do asociacionismo veciñal contemplada no apartado C.7 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o exercicio 2015.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 92412/78900 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2015.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 100.000 euros.

Esta convocatoria queda condicionada á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos n.º 2/2015, aprobado inicialmente polo Pleno da Deputación en sesión ordinaria de 27 de marzo de 2015.

Cuarta.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:

1. As solicitudes, subscritas polo representante legal da entidade interesada, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a presentación no rexistro xeral desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo improrrogable de presentación iniciárase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases no Boletín Oficial da Provincia, e rematará o 29 de maio 2015, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

3. As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

a) Documentación administrativa:

1.- Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases, na que se inclúe unha declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso a solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

2.- Copia cotexada do CIF da entidade.

3.- Copia cotexada do DNI do representante da asociación.

4.- Estatutos sociais da entidade.

5.- Certificado de inscrición no Rexistro Provincial de Asociacións de Ourense da Xunta de Galicia, no que conste o domicilio social da entidade en Ourense.

6.- Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme aos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

a validez da representación acreditarase mediante documento acreditativo do seu nomeamento ou elección.

7.- Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións públicas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, segundo o modelo anexo II.

8.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo III.

A presentación do documento sinalado no apartado 8 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso e á emenda de deficiencias na xustificación publicándose a información correspondente exclusivamente a través da páxina web e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 6ª e 9ª e 10ª, respectivamente.

As solicitantes estarán eximidas de presentar os documentos sinalados nos apartados 2, 3, 4, 5 e 6 cando estes documentos xa obrasen en poder da Deputación, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior. Para estes efectos, os solicitantes deberán facer constar na súa solicitude que se acollen expresamente a este dereito, mediante o modelo oficial que figura no anexo IV. Este modelo deberá ser cuberto correctamente para producir efectos. En caso de que non se presente ou se presente incompleto, non se terá en conta para os efectos da tramitación do expediente.

b) Documentación para a valoración a solicitude:

Para a valoración da solicitude, deberá presentarse a seguinte documentación:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

1. Memoria descritiva do investimento proxectado, incluíndo o seu orzamento. No caso de que a execución do investimento esixa a elaboración de proxecto técnico, presentárase un proxecto básico asinado por facultativo competente.

2. Certificación do secretario da asociación, co visto e praxe do presidente, na que conste o seu número de socios.

Advírtese expresamente que non serán obxecto de valoración, denegándose a concesión da subvención, aquelas solicitudes nas que non se acheguen os documentos sinalados. Procederase de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.

Quinta.- Gastos subvencionables:

Consideraranse subvencionables todos os gastos de capital propios da asociación veciñal que correspondan ao exercicio 2015, debendo ter sido contraída a obrigaón correspondente e emitida a oportuna factura dentro deste exercicio.

Terán a consideración de gastos de capital todos os que supoñan un incremento do patrimonio da asociación, tales como obras de calquera clase, adquisición de inmobles ou adquisición de bens mobles de carácter inventariable.

En todo caso, consideraranse excluídos os seguintes gastos:

- a) Os gastos correntes de calquera clase.
- b) Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.
- c) Os xuros, recargas e sancións administrativas e xudiciais.
- d) Xuros debedores de contas bancarias.
- e) A adquisición de vehículos ou semoventes.
- f) A adquisición de valores mobiliarios ou participacións en sociedades de capital ou fondos de investimento de calquera clase.
- g) Calquera gasto que sexa obxecto de subvención por parte doutra administración pública.

Sexta.- Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránse ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación para a valoración da solicitude referida no apartado 3.b) da base 4ª.

Para a achega desta documentación poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo V destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web <http://www.depourense.es>, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2015.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá informe con proposta de admisión e non admisión de solicitudes e remitiralle o expediente á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto ás solicitudes para as que non se achegase de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto de solicitudes, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base oitava.

A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante anuncio na páxina web

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015

<http://www.depourense.es>, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2015.

No caso de non ter presentado a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª apartado 3 a) punto 8, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional se considerará definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 9ª.

Sétima.- Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o presidente da Deputación Provincial ou deputado en quen delegue.
- Vogais:
 - O vicepresidente da Deputación Provincial.
 - O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
 - A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
 - A xefa da Sección de Subvencións da Deputación, ou funcionario que legalmente a substitúa.

Actuará como secretaria da comisión a xefa do Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Oitava.- Criterios de valoración para a concesión das subvencións:

1. As solicitudes admitidas a trámite avalíaranse segundo os dous indicadores xerais seguintes:

- a) Número total de socios da asociación veciñal: asignaráselle 30 puntos á asociación cun maior número de socios, puntuándose o resto en proporción directa.
- b) Importe do investimento. Asignaráselle 50 puntos á solicitude que presente un maior orzamento de investimento, puntuándose o resto en proporción.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

2. O valor económico do punto resultará de dividir o importe total do crédito orzamentario destinado á convocatoria entre o número total de puntos sumados polos solicitantes.

3. A subvención que corresponda a cada solicitante determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta as seguintes regras:

a) Ningunha entidade poderá recibir subvención por importe superior ao 100% do investimento total previsto.

b) Ningunha entidade poderá recibir subvención para gastos xa subvencionados por outras administracións públicas.

c) Ningunha entidade poderá obter unha subvención superior a 12.000 euros.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores repartiranse entre o resto de solicitudes, aplicando entre elas os criterios recollidos no apartado 1.

4. A Comisión de Valoración puntuará as solicitudes formuladas conforme cos criterios sinalados, e propondrá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes e por rigorosa orde de puntuación, ata esgotar o crédito dispoñible.

Nos supostos en que, debido ao volume de solicitude, a contía das subvencións resultantes se estime desproporcionadamente baixa, a comisión, motivadamente, poderá establecer un límite mínimo de puntuación de ata 20 puntos, como máximo, denegándose as solicitudes que non acaden a puntuación mínima fixada.

Novena.- Resolución:

A proposta definitiva da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo dun mes dende o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso lle solicitará á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta en

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Unha vez publicada a resolución, os beneficiarios disporán dun prazo de dez días hábiles para comunicar a aceptación ou rexeitamento da subvención concedida, entendéndose que a aceptan de xeito incondicional e sen ningún tipo de reserva en caso de non efectuar ningunha comunicación no dito prazo. No caso de rexeitamento, solicitarase da Comisión de Valoración a formulación de nova proposta para a aplicación dos remanentes producidos, seguindo as regras establecidas na base 8ª.

Décima.- Publicidade da concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web <http://www.depourense.es>, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2015.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª apartado 3 a) punto 8 realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertíndolles da publicación da resolución na páxina web <http://www.depourense.es>. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Undécima.-Publicidade da subvención por parte do beneficiario:

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento, debendo realizar como mínimo a seguinte medida de difusión:

- No caso de adquisición de inmobles, colocación nun sitio visible dunha placa permanente cunha alusión ao financiamento recibido da Deputación Provincial de Ourense, consistente na lenda “Inmable adquirido co financiamento da Deputación de Ourense”.

- No caso de realización de obras en inmobles, colocación nun sitio visible dunha placa permanente cunha alusión ao financiamento recibido da Deputación Provincial de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015

Ourense, consistente na lenda “Local acondicionado co financiamento da Deputación de Ourense”.

- No caso de investimentos consistentes en equipamento de locais colocación nun sitio visible dunha placa permanente cunha alusión ao financiamento recibido da Deputación Provincial de Ourense, consistente na lenda “Local equipado co financiamento da Deputación de Ourense”.

O custe das placas publicitarias poderá incluírse no orzamento do proxecto para o que se solicita a subvención.

Nos casos en que, dada a índole do investimento subvencionado, resulte dubidosa a forma de realizar a publicidade da subvención, o beneficiario solicitaralle por escrito á Presidencia da Deputación que se lle indique o modo concreto de cumprir esta obriga.

Décima segunda.- Xustificación e pago da subvención:

1. A subvención xustificárase mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada polos seguintes documentos:

- a) Memoria descritiva da actuación realizada.
- b) Relación clasificada dos gastos de investimento executados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de aboamento. De ser o caso, indicaranse as desviacións producidas verbo do orzamento presentado coa solicitude.
- c) Orixinais ou copias cotexadas das facturas xustificativas dos gastos.
- d) Acreditación das medidas de difusión adoptadas mediante a presentación de fotos nas que se observe claramente o emprazamento da placa.
- e) No suposto de actuacións para as que se esixa a obtención previa de licenza municipal ou autorización sectorial, deberá achegarse coa xustificación copia da licenza ou autorización concedida ou certificación do seu outorgamento, como requisito indispensable para a xustificación da subvención.
- f) No caso de adquisición de inmobles, documento público de adquisición.
- g) Detalle doutras subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- h) Certificación de conta bancaria da entidade expedida polo banco ou caixa correspondente.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

Nos supostos en que o proxecto se modificase durante a súa execución, considerarase validamente xustificada a subvención, sempre que o obxecto do proxecto manteña a súa condición de subvencionable conforme co establecido nestas bases. Neste caso, a asociación deberá achegar, previa ou simultaneamente ao trámite de xustificación, o documento onde se reflecta e xustifique o contido da dita modificación.

Se a modificación supón unha redución da contía do investimento, a subvención reducirase proporcionalmente.

A conta xustificativa presentarse conformada polo presidente da entidade.

Sen prexuízo do anterior, a solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

2. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificados. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

3. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente.

4. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación antes do 31 de outubro de 2015. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

oportuna prórroga antes do 31 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

5. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declarárase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados dende a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

Décimo terceira.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita Lei.

Décimo cuarta.- Incompatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

En consecuencia, estas subvencións son incompatibles con calquera outra concedida pola Deputación Provincial de Ourense ou polo INORDE para a mesma finalidade, con independencia da súa contía e procedemento de concesión.

Décimo quinta.- Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2º) Convocar o concurso regulado nas ditas bases, ordenando a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación.

ANEXO I

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE INVESTIMENTO DE ASOCIACIÓNS
VECIÑAIS DE OURENSE CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2015**

D/D. ^a			DNI/NIE
REPRESENTANTE LEGAL DE			CIF
ENDEREZO	MUNICIPIO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
TELEFONO FIXO	TELÉFONO MOBIL		
ENDEREZO ELECTRÓNICO			

DECLARO:

- Que non me atopo incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade aos que se refire o artigo 13.2d) da Lei xeral de subvencións. - Que a entidade ou organismo ao que represento non se atopa incurso/o en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións da Deputación Provincial de Ourense ás que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións. - Que a entidade ou organismo ao que represento está ao día nas súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e coa Seguridade Social. - Que a entidade que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria de subvencións do ano 2015 para gastos de investimentos de asociacións veciñais de Ourense. - Que asume todos os compromisos reflectidos na devandita convocatoria e acompaña a documentación esixida nesta.

SOLICITA SUBVENCIÓN PARA O SEGUINTE PROXECTO:

PROXECTO SOLICITADO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	€
CONTÍA SOLICITADA	€

Ourense, ____ de _____ de 2015

(Selo da entidade)

(Sinatura)

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

ANEXO II
DECLARACIÓN

D/D^a. _____ en
representación da entidade _____ con
CIF _____ **DECLARA** que presentou a/s solicitude/s e lle foi/foron concedida/s,
se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s públicas para os mesmos fins:

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión (1)	Contía

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.

☐ Non ter solicitado nin, en consecuencia, terlle sido concedida ningunha axuda pública para o mesmo fin, sexan públicas ou privadas.

Ourense, _____, de _____ de 2015

Asdo.: _____

ANEXO III
AUTORIZACIÓN

D./D.^a _____, titular do DNI/NIE n.º _____

AUTORIZO

Á Deputación Provincial de Ourense a facerme as comunicacións para recibir, a través do correo electrónico e/ou sms, indicados na solicitude, a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do anuncio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

presentada para a xustificación da subvención outorgada no concurso para subvencións para gastos de investimentos de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2015.

Ourense _____ de _____ de 2015
Asdo.: _____

ANEXO IV

D/D^a. _____ con
DNI _____, en nome e representación do organismo
/entidade _____, en relación coa
documentación administrativa da solicitude de subvencións para gastos de investimentos de
asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2015, fago constar:

1º) Que os seguintes documentos xa obran en poder desa Deputación, ao ter sido
presentados en procedementos anteriores (sinale cun X os documentos de que se trate, dos
que figuran a continuación):

- ☐ Copia cotexada do CIF da entidade.
- ☐ Copia cotexada do DNI do representante da asociación.
- ☐ Estatutos sociais da entidade.
- ☐ Certificado de inscrición no Rexistro Provincial de Asociacións de Ourense da Xunta de Galicia, no que conste o domicilio social da entidade en Ourense.
- ☐ Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme aos estatutos sociais, en razón do seu cargo no organismo ou entidade, en cuxo caso a validez da representación se acreditará mediante documento probado do seu nomeamento ou elección.

2º) Que o contido dos ditos documentos conserva a súa plena validez, ao non seren
modificados con posterioridade á data da súa emisión nin se modificaren as circunstancias
de feito ou de dereito que neles se reflicten.

3º) Que, polo exposto, se acolle ao dereito recoñecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992,
do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento
administrativo común, a non presentar os ditos documentos nesta convocatoria.

Ourense, _____ de _____ de 2015

(selo do organismo ou entidade)

(sinatura solicitante)

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

ANEXO V

D./D^a. _____ con DNI _____,
 en representación de _____, con
 CIF _____, achégolle a documentación solicitada para unir ao expediente
 de solicitude de subvención para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense
 correspondentes ao exercicio 2015.

Ourense, ____ de _____ de 2015

Asdo.: _____

(Nome e apelidos)

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE. NEGOCIADO DE CONCURSOS

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BALTAR.- No Pleno, con data 31 de outubro de 2014, acordouse aproba-lo orzamento xeral para o ano 2015. Na base 88 do capítulo XIV figura con carácter nominativo, para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 15.600,00 euros a favor do Concello de Baltar, para a optimización enerxética da instalación da iluminación, con cargo á aplicación orzamentaria 45012/76201.

Unha vez vista a solicitude de subvención formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade **acorda** a aprobación dunha subvención ó Concello de Baltar, nos seguintes termos:

-Importe: 15.600,00 euros.

-Obxecto: a optimización enerxética da instalación da iluminación.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2015.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BANDE.- No Pleno, con data 31 de outubro de 2014, acordouse aproba-lo orzamento xeral para o ano 2015. Na base 88 do capítulo XIV figura con carácter nominativo, para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 11.338,48 euros a favor do Concello de Bande, para a instalación dunha caldeira no Centro de Día, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude de subvención formulada polo alcalde do mencionado concello, por importe de 10.700,89 euros e, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención ó Concello de Bande, nos seguintes termos:

-Importe: 10.700,89 euros.

-Obxecto: a instalación dunha caldeira no Centro de Día.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de xullo de 2015.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BANDE.- No Pleno, con data 31 de outubro de 2014, acordouse aproba-lo orzamento xeral para o ano 2015. Na base 88 do capítulo XIV figura con carácter nominativo, para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 11.103,20 euros a favor do Concello de Bande, para a instalación dunha caldeira na Casa do Concello, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude de subvención formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención ó Concello de Bande, nos seguintes termos:

-Importe: 11.103,20 euros.

-Obxecto: a instalación dunha caldeira na Casa do Concello.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de xullo de 2015.

9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BARBADÁS.- No Pleno, con data 30 de xaneiro de 2015, acordouse aproba-lo expediente nº 1/2015 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/762.01 unha subvención nominativa por importe de 25.000,00 euros, a favor do Concello de Barbadás para obras en instalacións deportivas.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención ó Concello de Barbadás, nos seguintes termos:

-Importe: 25.000,00 €.

-Obxecto: obras en instalacións deportivas

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2015.

10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE ESGOS.- No Pleno, con data 30 de xaneiro de 2015, acordouse aproba-lo expediente nº 1/2015 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa por importe de 10.000,00 euros, a favor do Concello de Esgos para a adquisición dunha rozadora.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención ó Concello de Esgos, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 €.

-Obxecto: a adquisición dunha rozadora.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de xullo de 2015.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

11.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE LOBIOS.- No Pleno, con data 31 de outubro de 2014, acordouse aproba-lo orzamento xeral para o ano 2015. Na base 88 do capítulo XIV figura con carácter nominativo, para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 30.237,90 euros a favor do Concello de Lobios, para a reparación do polideportivo, con cargo á aplicación orzamentaria 45.012/762.01.

Unha vez vista a solicitude de subvención formulada pola alcaldesa do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención ó Concello de Lobios, nos seguintes termos:

-Importe: 30.237,90 euros.

-Obxecto: a reparación do polideportivo.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2015.

12.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE MUÍÑOS.- No Pleno, con data 30 de xaneiro de 2015, acordouse aproba-lo expediente nº 1/2015 de modificación das

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 33420/46201 unha subvención nominativa, por importe de 10.000,00 euros, a favor do Concello de Muíños para actividades recreativas na área do Corgo correspondentes ó ano 2015.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención ó Concello de Muíños, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 euros.

-Obxecto: actividades recreativas na área do Corgo correspondentes ó ano 2015.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2015.

13.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PONTEDEVA.- No Pleno, con data 31 de outubro de 2014, acordouse aproba-lo orzamento xeral para o ano 2015. Na base 88 do capítulo XIV figura con carácter nominativo, para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

de 60.000,00 euros a favor do Concello de Pontedeva, para a construción dun muro de cachotería, con cargo á aplicación orzamentaria 45.012/762.01.

Unha vez vista a solicitude de subvención formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención ó Concello de Pontedeva, nos seguintes termos:

-Importe: 60.000,00 euros.

-Obxecto: construción dun muro de cachotería.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2015.

14.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DA RÚA.- No Pleno, con data 30 de xaneiro de 2015, acordouse aproba-lo expediente nº 1/2015 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/762.01 unha subvención nominativa por importe de 21.000,00 euros, a favor do Concello da Rúa para melloras en instalacións deportivas.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención ao Concello da Rúa, nos seguintes termos:

-Importe: 21.000,00 €.

-Obxecto: melloras en instalacións deportivas.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 25 de agosto de 2015.

15.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DA VEIGA.- No Pleno, con data 30 de xaneiro de 2015, acordouse aproba-lo expediente nº 1/2015 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 45.012/762.01 unha subvención nominativa por importe de 10.000,00 euros, a favor do Concello da Veiga para a realización do proxecto turístico Starlight.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención ao Concello da Veiga, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 €.

-Obxecto: a realización do proxecto destino turístico Starlight.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2015.

16.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE VERÍN.- No Pleno, con data 30 de xaneiro de 2015, acordouse aproba-lo expediente nº 1/2015 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 45.012/762.01 unha subvención nominativa por importe de 25.000,00 euros, a favor do Concello de Verín para obras no Centro Social de A Rasela.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención ó Concello de Verín, nos seguintes termos:

-Importe: 25.000,00 euros.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015

-Obxecto: obras no Centro Social de A Rasela.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2015.

17.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE VILAR DE SANTOS.-

No Pleno, con data 30 de xaneiro de 2015, acordouse aproba-lo expediente nº 1/2015 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/462.01 unha subvención nominativa por importe de 12.000,00 euros a favor do Concello de Vilar de Santos para gastos de mantemento do Museo da Limia correspondentes ó ano 2015.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención ao Concello de Vilar de Santos, nos seguintes termos:

-Importe: 12.000,00 €.

-Obxecto: gastos de mantemento do Museo da Limia correspondentes ó ano 2015.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2015.

18.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Trala unánime declaración da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, adoptouse o seguinte acordo:

18.a) APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BANDE.- No Pleno, con data 31 de outubro de 2014, acordouse aproba-lo orzamento xeral para o ano 2015. Na base 88 do capítulo XIV figura con carácter nominativo, para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 42.245,20 euros a favor do Concello de Bande, para o proxecto do fondo de compensación ambiental para optimización enerxética, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude de subvención formulada polo alcalde do mencionado concello, por importe de 36.552,87 euros, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e previa ratificación da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención ó Concello de Bande, nos seguintes termos:

-Importe: 36.552,87 euros.

-Obxecto: proxecto do fondo de compensación ambiental para optimización enerxética.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 24 de abril de 2015
--

subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2015.

19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

20.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e trinta minutos, do referenciado día vinte e catro de abril do ano dous mil quince, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,